

Expediente: 20/2024

Asunto: Resolución petición de acceso á información pública

Interesada: [REDACTED]

Con data 21 de outubro de 2024 tivo entrada na Universidade de Vigo, a través da plataforma de Información Pública, unha solicitude de acceso á información pública ao amparo da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e do Regulamento de transparencia e de acceso á información pública da Universidade de Vigo, na que solicita:

Número de certificados de anos de servizo e certificados de postos de traballo desempeñados firmados por la Gerencia en los últimos 6 meses. Número de certificados de anos de servizo e certificados de postos de traballo desempeñados que fueron devueltos en esos seis meses con el fin de que se concretasen los efectos, ante quien se quieren hacer valer y para qué se quieren hacer valer. Duración de la tramitación desde presentación de solicitud hasta emisión de certificado firmado.

Unha vez analizada a solicitude, a Universidade de Vigo comproba que a información solicitada non se atopa en ningunha das causas de inadmisión establecidas na lexislación polo que se procede a súa tramitación.

Do análise da información solicitada, compróbase que a información solicitada non está entre os límites previstos na normativa de transparencia.

Segundo a información recibida da Xerencia, *a carga de traballo impide que todos e cada un dos actos de xestión sexan comprobados pola unidade, polo que o seguimento se realiza ao chou, na confianza do bo facer e a profesionalidade dos nosos servizos administrativos.*

Como criterio xeral, a Xerencia ten indicado aos servizos administrativos que, na elaboración dos certificados se teñan en conta os efectos para os que se expiden e a autoridade ante quen debe facerse valer e tamén se recomenda aos mesmos por a disposición do público modelos de certificado que os orienten, en procura dun mellor servizo, para lles facilitar a súa formalización.

Como técnica de emisión dos certificados, esta cautela garante un maior rigor e efectividade dos mesmos, dado que o funcionario que o elabora con criterio técnico debe en conta esa circunstancia para facer constar correctamente a información que se lle solicita, e na forma en que a autoridade,

Páxina 1 de 3

Asinado na data e na hora 08/05/2025 09:50 por BRAVO BOSCH MARIA JOSE - DNI ***6099**
Secretario/a Xeral

Este documento foi asinado electronicamente conforme á normativa vixente.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

CSV

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

13/05/2025 12:26:29 Horario peninsular

Validez del documento

Original

ante a que se presente, o require. Se un cidadán solicita un certificado aos efectos dunha determinada convocatoria, procurarase que a información contida se recolla como así se pide na correspondente resolución (p.e. aos efectos dunha subvención, proxecto, concurso, exención de obrigas legais, etc). As normas dos

diversos órganos das Administracións, non coinciden nas súas esixencias, e o administrado que solicita o certificado non sempre ten que ter os coñecementos técnicos que demanda a Administración ante á que a presentará. É habitual, así mesmo, que o certificado acote as circunstancias de espazo e tempo, ou mesmo a vixencia dos seus efectos e incluso que se esixa un formato determinado. Contemplar estes requirimentos garante, con maior seguridade, que o que o interesado necesita lle sexa facilitado oportunamente e afórralle erros e subsanacións, doutro xeito innecesarias; o que redunda na calidade do servizo prestado.

Aínda que semella que a Universidade de Vigo carece dunha normativa escrita de estilo para os documentos administrativos e, concretamente, para o caso dos certificados, é uso habitual noutras Administracións que así se faga. Xa que logo, na procura da calidade do servizo á que me refería, en ocasións se realiza unha mostraxe dos documentos de xestión ordinaria co fin de comprobar que se mantén o estándar e de non, se manter, proceder á súa devolución para a súa corrección. A carga de traballo impide que todos e cada un dos actos de xestión sexan comprobados pola unidade, so prexuízo de paralización do traballo, polo que o seguimento se realiza ó chou, na confianza do bo facer e a profesionalidade dos nosos servizos administrativos. Asemade, con carácter xeral, non se adoita a facer este seguimento no caso de certificados que se expiden para procedementos da propia Universidade de Vigo, xa que é a depositaria dos datos que certifica.

Para nada interesan á Xerencia as circunstancias persoais, nin os datos da intimidade da persoa solicitante, así como tamén traio a colación o deber de reserva que nos alcanza. Por suposto que a persoa solicitantes non está obrigada a expresar os motivos ou efectos para os que solicita o certificado, caso no que non se reflectirá o alcance dos efectos do mesmo, simplemente os datos dos que "se deixan constancia a petición do/a interesado/a", e neste caso, a responsabilidade de quen o, expide só alcanza á veracidade do que se contén. Convén informar aos interesados do alcance do aquí expresado, pero en ningún caso conminalos ou exercer coerción ao respecto.

A Xerencia non está en disposición de poder dar o dato exacto solicitado pola interesada, por cando non existe rexistro de certificados emitidos nin da súa clasificación por temática (...)

Compbre indicar que na data actual os certificados do servizo de PAS están a cumprir os criterios eu lle foron trasladados pola Xerencia.

Unha vez que dispoñamos dunha ferramenta informática adecuada, os ditos indicadores se farán públicos para que sexan accesible a tódalas persoas interesadas.

Por isto, esta Secretaría Xeral RESOLVE:

Non poder acceder ao seu pedimento polo anteriormente exposto namentres non se implemente o rexistro de certificados e se fagan públicos os correspondentes indicadores.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ou, previa e potestativamente, reclamación perante a Valedora do Pobo que será resolta pola Comisión de transparencia de Galicia no prazo dun mes; en ambos casos, o prazo contarase dende o día seguinte ó da notificación da presente resolución.

Vigo, data da sinatura dixital

A Secretaría Xeral

Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección:

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original | C.S.V. |

Documento asinado electronicamente conforme á normativa vixente. A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA. Verificación do documento mediante código CSV no sitio

Páxina 3 de 3

Asinado na data e na hora 08/05/2025 09:50 por BRAVO BOSCH MARIA JOSE - DNI ***6099**
Secretario/a Xeral

Este documento foi asinado electronicamente conforme á normativa vixente.

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

CSV

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

13/05/2025 12:26:29 Horario peninsular

Validez del documento

Original